

Concello de Viveiro

BASES ESPECÍFICAS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE DOUS ADMINISTRATIVOS COMO EMPREGADOS PÚBLICOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS OU PRESTACIÓNS DE SERVIZOS NO CONCELLO DE VIVEIRO, INCLUIDAS NO PROGRAMA “FOMENTO DO EMPREGO 2019” SEGUNDO AS BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019.

1.-OBXETO DA CONTRATACIÓN.

Por parte do Concello de Viveiro vaise proceder á contratación de 2 do total dos 6 traballadores incluídos no programa “Fomento do Emprego 2019” financiado pola Excmo. Deputación Provincial de Lugo segundo as bases reguladoras do plan provincial único de cooperación cos Concellos 2019, non formando parte do cadro de persoal do Concello de Viveiro, para a realización de obras e de prestación de servizos de competencia Municipal.

Este plan creouse para a realización de programas de dinamización económica e para medidas de fomento de emprego, mediante a contratación de traballadores en situación de desemprego, para a execución de obras ou a prestación de servizos de competencia municipal que contribúan ao desenvolvemento económico e social do Concello, en especial, dos seus habitantes.

A presente convocatoria ten por obxecto a selección de traballadores, mediante o sistema de concurso, segundo as bases xerais polas que se establecen as normas para a selección do persoal mediante nomeamento temporal vinculada ao convenio do Programa “Fomento do Emprego 2019” segundo as bases reguladoras do plan provincial único de cooperación cos Concellos 2019, para a execución e realización das obras e de prestación de servizos que se relacionan nos apartados seguintes:

2.- CARACTERÍSTICAS DA CONTRATACIÓN -

A. BASES ESPECÍFICAS DOS POSTOS DENOMINADOS: ADMINISTRATIVO

a) N.º de postos que se convocan: 2

b) Relación xurídica co Concello.- Funcionario interino (segundo art. 10.1.c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro), a xornada completa cunha duración de 6 meses, administrativo, vinculado ao Convenio coa Deputación Provincial de Lugo programa “Fomento do Emprego 2019”.

c) Sistema de selección: Concurso

d) Titulacións académicas esixidas para tomar parte no proceso selectivo: Bachiller, Técnico especialista en Administración ou titulación equivalente.

e) Acreditación específica: Figurar como demandante de emprego ou como mellora de emprego (sempre que o contrato sexa igual ou inferior ao 50% da xornada) no Servizo Público de Emprego de Galicia.

f) Nivel de coñecemento do idioma galego: Celga 4.

g) Funcións: A desenvolver dando soporte ao persoal técnico do Departamento ao

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

que se adscriba mediante a realización da xestión e trámites nos procedementos administrativos. O desempeño das funcións realizarase en todo caso dando cumprimento da normativa básica en materia de protección de datos de carácter persoal, transparencia, prevención de riscos laborais, así como toda aquela normativa que resulte de aplicación segundo as tarefas a desempeñar no posto de traballo.

h) Baremo concurso:

A puntuación máxima do baremo de méritos será de 16 puntos, segundo o establecido na base 10 das bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro a través de programa "Fomento do Emprego 2019".

NÚM. TRAB.	GRUPO COTIZ. SEG. SOC.	OCUPACIÓN	CNAE 2009 OCUPACIÓN	SALARIO BRUTO (1)	CUSTO UNITARIO MENSUAL			CUSTOS TOTAIS		
					%COTA PATRONAL SEG. SOC.	COTA PATRONAL Á SEG. SOCIAL	TOTAL CUSTO MENSUAL	DURACIÓN CONTRATO EN MESES	TIPO XORNADA %	CUSTOS SALARIAIS TOTAIS
2	5	Administrativo	8411	1.732,97 €	32,10 %	556,28 €	2.289.25 €	6	100%	27.471,03 €
TOTAL SUBVENCIONABLE										27.471,03 €

Período de proba: O traballador terá un período de proba de 15 días. No caso de que o traballador non pase este período, será substituído polo que se sitúe en primeiro lugar da lista de reservas.

O nomeamento iniciarase cando así o determine a Alcaldía, en base aos prazos e datas de inicio dos servizos nos que o traballador contratado ou nomeado prestará os seus servizos.

3. REQUISITOS DOS SOLICITANTES.

Os establecidos con carácter xeral nas bases xerais e específicas coa titulación esixida para ditos postos.

Viveiro, á data que consta á marxe

A ALCALDESA

María Loureiro García

(Documento asinado dixitalmente á marxe)